

**EXPEDIENTE M3/2024 DE MODIFICACIÓN DO ANEXO  
DE INVERSIÓNS DO ORZAMENTO DE 2024**



Área / Unidad PRESUPUESTOS Y ESTUDIOS ECONOMICOS SH0000 MTAG	Documento 36E18I00FW
Código de verificación  1841 100X 0K33 4Z0U 0153	Expediente 36E/2024/16
	Fecha 03-09-2024

## Expediente M3/2024 de modificación do Anexo de Investimentos do Orzamento 2024

### MEMORIA DA ALCALDÍA

I.- Sométese á aprobación da Xunta de Goberno Local, para o seu posterior sometemento ao pleno da corporación municipal o presente expediente, que ten por finalidade a modificación do anexo de investimentos. Non se modifica o estado de Gastos do Orzamento 2024. Modifícase o Anexo de investimentos, documentación que se une ao Orzamento de acordo co artigo 168.1 do TRLRFL. As modificacións do Anexo de Subvencións ou do Anexo de Investimentos, de competencia plenaria que non impliquen modificación, nin alteración dos créditos, nin aplicacións orzamentarias do estado de gastos do orzamento só requirirán dunha única aprobación por parte do pleno da corporación municipal, que será inmediatamente executiva.

Dende a Área de Infraestruturas e Mobilidade propónse unha modificación do Anexo de investimentos de 2024 de competencia plenaria que non implica modificación do crédito consignado para o 2024, nin modificación da aplicación orzamentaria. Incrementábase unha anualidade 2025 no proxecto nº 142 “Humanización dos Cantóns entre Juana de Vega e Autoridade Portuaria” por importe de 355.925,73€, quedando o importe total do proxecto en 8.037.585,45€. Modifícanse as fontes de financiamento de varios proxectos para adecuar estas á nova realidade aínda que non supón ningún cambio estrutural. É unha modificación técnica.

II.- Este expediente modificativo, consonte se reflicte no informe proposta, axústase ao establecido na Base 6ª das de Execución do Orzamento para 2024 que regulan as modificacións que afectan ao Anexo de Subvencións e Investimentos, de competencia plenaria, pero que na medida en que non afectan aos créditos nin tampouco ás aplicacións orzamentarias do estado de gastos, non é necesario o



## Concello da Coruña

trámite de exposición pública. Deste xeito, só require dunha única aprobación plenaria. Unha vez aprobada polo pleno da corporación municipal, será inmediatamente executiva, sen necesidade do trámite de información pública.

**III.-** No expediente consta a xustificación da proposta efectuada polo servizo xestor para a tramitación deste expediente M3/2024, así como o informe proposta do Servizo de Orzamentos e Estudos Económicos.

**IV.-** Por iso, procede aprobar o proxecto do expediente de modificación do Anexo de Investimentos M3/2024 do Orzamento de 2024, para a súa posterior aprobación por parte do pleno da corporación municipal.

O expediente non implica variacións nos estados de gastos nin de ingresos do orzamento 2024, nin supón cambios na distribución por capítulos do mesmo.

Trámítese o expediente con suxeición ao procedemento establecido pola normativa vixente.

A Coruña, na data da sinatura dixital deste documento electrónico

A Alcaldesa,  
Inés Rey García

**Asunto: Expediente M3/2024 de modificación do Anexo de Investimentos do Orzamento 2024.**

**Destino: Xunta de Goberno Local e no seu caso Pleno da Corporación.**

Sométese a informe desta Intervención Xeral o expediente de referencia. Examinado o mesmo emítese o seguinte

INFORME.

Propónse modificar o anexo de investimentos no sentido de modificar a fonte de financiación do proxecto número de orden 142 "Humanización dos Cantons entre Juana de Vega e Autoridad Portuaria" e engadir una anualidade 2025 a este proxecto pasando o importe total deste proxecto de 7.681.659,72 euros a 8.037.585,45 euros. Modifícase a financiación da anualidade 2024 que inicialmente era de 2.262.605,14 euros mediante préstamo e 5.419.054,58 euros mediante venta de patrimonio. Coa modificación proposta o seu financiamento pasa a ser 100% mediante préstamo.


Como consecuencia do anterior, se traspasa a fonte de financiación de venta de patrimonio (por importe de 5.419.054,58€) aos proxectos nº 107 "Plan de accesibilidade y humanización de los barrios" por importe de 5.000.000€, e ao proxecto nº 165 "Plan de mellora del Parque Santa Margarita (2ª fase)" por importe de 419.054,58€ (importe total de este proxecto 600.000€).

O cambio proposto non afecta nin altera o estado de gastos do orzamento vixente nin é necesario incrementar os importes totais da financiación prevista (préstamo e venta de patrimonio). Como ben di a oficina orzamentaria so é necesario un único acordo do Pleno da Corporación, sen necesidade de información pública e sen dobre trámite de aprobación, de conformidade coa Base 6ª das aprobadas para a execución do Orzamento 2022, xa que no hai alteracións dos créditos nin aplicacións orzamentarias do estado de gastos do exercicio corrente, polo que non implica en se mesmo modificación orzamentaria ningunha, senón só un cambio do anexo de investimentos. Polo exposto non existe inconveniente para que continúe o expediente para a súa aprobación polo Pleno do concello. Non en tanto advertimos que a nosa conformidade o é exclusivamente á tramitación da modificación proposta nos términos da normativa orzamentaria, pero non predetermina a cualificación e sentido da fiscalización que se exteriorizará no momento que se execute o gasto vinculado co crédito orzamentario.. Non encanto, o Pleno resolverá.

A Coruña, na data da sinatura electrónica.

O Xefe de Servizo de Intervención



Área / Unidad PRESUPUESTOS Y ESTUDIOS ECONOMICOS SH0000 MTAG	Documento 36E18I00HC	
Código de verificación  4W0R 2E31 116C 5B2E 0Y9H	Expediente 36E/2024/16	
	Fecha 04-09-2024	

Servizo de Orzamentos e Estudos Económicos

M3/2024

Pleno

## Expediente M3/2024 de modificación do Anexo de Investimentos do Orzamento 2024

### Informe proposta

I.- A regulación legal das modificacións orzamentarias atópase contida fundamentalmente nos artigos 177 e seguintes do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo (en diante, TRLRFL), así como na sección 2ª do capítulo II do Real decreto 500/1990, do 20 de abril (en diante, RD 500/1990). As Bases de Execución do Orzamento conteñen a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria á organización e circunstancias da Corporación, así como aquelas outras necesarias para a súa acertada xestión, establecendo cantas prevencións se consideren oportunas ou convenientes para a mellor realización dos gastos e recadación dos recursos.

Así mesmo atenderase ao disposto na Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, que modifica a Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local.

Na Base 6ª das aprobadas para a execución do Orzamento de 2024, "Vinculacións xurídicas" regúlanse expresamente as modificacións que se pretenden tramitar neste expediente, dispoñendo que cando se trate de modificacións do Anexo de Subvencións ou do Anexo de Investimentos de competencia plenaria que non impliquen modificación, nin alteración dos créditos, nin aplicacións orzamentarias do estado de gastos do orzamento só requirirán dunha única aprobación do Pleno da Corporación que será inmediatamente executiva.

Proponse desde o Servizo de Infraestruturas unha modificación do proxecto nº 142 do Anexo de Investimentos "Humanización dos Cantóns entre Juana de Vega e Autoridade Portuaria" que consiste en modificar a fonte de financiamento da anualidade 2024 e engadir unha anualidade 2025 a este proxecto, por importe de 355.925,73€, quedando fixado o importe total deste proxecto en 8.037.585,45€.



# Concello da Coruña

Modifícase o financiamento da anualidade 2024 deste proxecto, que ascende a un importe de 7.681.659,72€, e que de acordo co orzamento definitivamente aprobado de 2024 financiábase: 2.262.605,14€ con préstamo e 5.419.054,58€ con venda de patrimonio. Proponse modificar a fonte de financiamento para que a anualidade 2024 deste proxecto estea completamente financiada con préstamo, para poder iniciar a licitación da devandita actuación de forma inmediata.

Como consecuencia do anterior, traspásase a fonte de financiamento de venda de patrimonio (por importe de 5.419.054,58€) aos proxectos nº 107 “Plan de accesibilidade e humanización dos barrios” por importe de 5.000.000€, e ao proxecto nº 165 “Plan de mellora do Parque Santa Margarita (2ª fase)” por importe de 419.054,58€ (importe total deste proxecto 600.000€).

Financiamento dos proxectos afectados no Anexo de Investimentos 2024 definitivamente aprobado:

NUM. ORDE	XESTOR	APLICACIÓN	DESCRICIÓN DO GASTO	ANUALIDADE 2024	DENOMINACIÓN DO PROXECTO	CODIGO PROXECTO	PRÉSTAMO	VENDA DE PATRIMONIO	VINCULACIÓN	EX ANTERIORES	2025	2026	2027	TOTAL PROXECTO
107	Mobilidade e accesibilidade	41.134.60900	Mobilidade urbana. OBRAS DE INVESTIMENTOS	5.000.000,00	Plan de accesibilidade e humanización dous barrios	2024 2 41 2	5.000.000,00		CUALITATIVA					5.000.000,00
142	Infraestruturas e equipamentos	41.1539.60907	Vías públicas. INVESTIMENTO NOVO. OBRAS DE URBANIZACIÓN	7.681.659,72	Humanización R/ Cantóns entre Juana de Vega e Autoridade Portuaria	2024 2 41 23	2.262.605,14	5.419.054,58	CUALITATIVA					7.681.659,72
165	Parques e xardíns	41.171.60900	Parques e xardíns. INVESTIMENTO NOVO. PROXECTOS DE INVESTIMENTO	600.000,00	Plan de mellora do Parque Santa Margarita (2.ª fase)	2024 2 41 33	600.000,00		CUALITATIVA					600.000,00
							<b>7.862.605,14</b>	<b>5.419.054,58</b>						

Modificación proposta neste expediente M3/2024:

NUM. ORDE	XESTOR	APLICACIÓN	DESCRICIÓN DO GASTO	ANUALIDADE 2024	DENOMINACIÓN DO PROXECTO	CODIGO PROXECTO	PRÉSTAMO	VENDA DE PATRIMONIO	VINCULACIÓN	EX ANTERIORES	2025	2026	2027	TOTAL PROXECTO
107	Mobilidade e accesibilidade	41.134.60900	Mobilidade urbana. OBRAS DE INVESTIMENTOS	5.000.000,00	Plan de accesibilidade e humanización dous barrios	2024 2 41 2	0,00	5.000.000,00	CUALITATIVA					5.000.000,00
142	Infraestruturas e equipamentos	41.1539.60907	Vías públicas. INVESTIMENTO NOVO. OBRAS DE URBANIZACIÓN	7.681.659,72	Humanización R/ Cantóns entre Juana de Vega e Autoridade Portuaria	2024 2 41 23	7.681.659,72	0,00	CUALITATIVA		355.925,73			8.037.585,45
165	Parques e xardíns	41.171.60900	Parques e xardíns. INVESTIMENTO NOVO. PROXECTOS DE INVESTIMENTO	600.000,00	Plan de mellora do Parque Santa Margarita (2.ª fase)	2024 2 41 33	180.945,42	419.054,58	CUALITATIVA					600.000,00
							<b>7.862.605,14</b>	<b>5.419.054,58</b>						

De acordo coa Base 8ª das de execución do Orzamento, a Xunta de Goberno Local é o órgano competente para comprometer gastos plurianuais calquera que sexa o seu importe e duración. Incluindo a posibilidade de ampliar o número de anualidades, modificar importes e elevar porcentaxes de gastos plurianuais a que refírese o artigo 174.3 do TRLRFL.

Con todo, ao tratarse ademais de modificacións do financiamento de proxectos vinculados cualitativamente, considérase que a competencia para a aprobación da mesma osténtaa o Pleno da Corporación.

Trátase de modificacións do Anexo de investimentos, de proxectos vinculados cualitativamente, de competencia plenaria que non implican modificación das



# Concello da Coruña

aplicacións orzamentarias. Por iso, de acordo coa Base 6ª das de Execución do Orzamento, requiren unha única aprobación polo Pleno da Corporación.

II. O expediente de modificación do Anexo de Investimentos do orzamento 2024 vén acompañado da documentación necesaria para iniciar o expediente.

Unha vez aprobado o proxecto de expediente M3/2024 de modificación do Anexo de Investimentos do Orzamento de 2024 na Xunta de Goberno Local, corresponde elevar proposta para a súa aprobación polo Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión informativa de Economía, Facenda, Planificación Urbana e Administración Xeral por maioría simple dos membros presentes. O expediente non necesita exposición pública (Base 6ª das de Execución do Orzamento de 2024).

III. Conforme a normativa citada, e se se considera oportuno, sería procedente formular ao Concello Pleno, a seguinte:

## Proposta de acordo:

1. Aprobar o expediente de modificación do Anexo de Investimentos do Orzamento de 2024, incorporando os seguintes cambios:

Financiamento dos proxectos afectados no Anexo de Investimentos 2024 definitivamente aprobado:

NUM. ORDE	XESTOR	APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN DO GASTO	ANUALIDADE 2024	DENOMINACIÓN DO PROXECTO	CODIGO PROXECTO	PRÉSTAMO	VENDA DE PATRIMONIO	VINCULACIÓN	EX ANTERIORES	2025	2026	2027	TOTAL PROXECTO
107	Mobilidade e accesibilidade	41.134.60900	Mobilidade urbana. OBRAS DE INVESTIMENTOS	5.000.000,00	Plan de accesibilidade e humanización dous barrios	2024 2 41 2	5.000.000,00		CUALITATIVA					5.000.000,00
142	Infraestruturas e equipamentos	41.1539.60907	Vías públicas. INVESTIMENTO NOVO. OBRAS DE URBANIZACIÓN	7.681.659,72	Humanización R/ Cantóns entre Juana de Vega e Autoridade Portuaria	2024 2 41 23	2.262.605,14	5.419.054,58	CUALITATIVA					7.681.659,72
165	Parques e xardíns	41.171.60900	Parques e xardíns. INVESTIMENTO NOVO. PROXECTOS DE INVESTIMENTO	600.000,00	Plan de mellora do Parque Santa Margarita (2.ª fase)	2024 2 41 33	600.000,00		CUALITATIVA					600.000,00
							<b>7.862.605,14</b>	<b>5.419.054,58</b>						

## Modificación proposta neste expediente M3/2024:

NUM. ORDE	XESTOR	APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN DO GASTO	ANUALIDADE 2024	DENOMINACIÓN DO PROXECTO	CODIGO PROXECTO	PRÉSTAMO	VENDA DE PATRIMONIO	VINCULACIÓN	EX ANTERIORES	2025	2026	2027	TOTAL PROXECTO
107	Mobilidade e accesibilidade	41.134.60900	Mobilidade urbana. OBRAS DE INVESTIMENTOS	5.000.000,00	Plan de accesibilidade e humanización dous barrios	2024 2 41 2	0,00	5.000.000,00	CUALITATIVA					5.000.000,00
142	Infraestruturas e equipamentos	41.1539.60907	Vías públicas. INVESTIMENTO NOVO. OBRAS DE URBANIZACIÓN	7.681.659,72	Humanización R/ Cantóns entre Juana de Vega e Autoridade Portuaria	2024 2 41 23	7.681.659,72	0,00	CUALITATIVA		355.925,73			8.037.585,45
165	Parques e xardíns	41.171.60900	Parques e xardíns. INVESTIMENTO NOVO. PROXECTOS DE INVESTIMENTO	600.000,00	Plan de mellora do Parque Santa Margarita (2.ª fase)	2024 2 41 33	180.945,42	419.054,58	CUALITATIVA					600.000,00
							<b>7.862.605,14</b>	<b>5.419.054,58</b>						



## Concello da Coruña

2. Facultar á Alcaldesa para a adopción dos decretos que sexan necesarios para dar efectividade ao acordado.

A Coruña, á data da firma dixital deste documento electrónico

Belén Blanco de Azpiazu  
Xefa de Servizo de Orzamentos e Estudos Económicos


Conforme,  
Emilio Álvarez – Miranda Luzárraga  
Director dá Área de Recursos Económicos e Dixitalización

Vº e pr,  
José Manuel Lage Tuñas  
Concelleiro responsable da Área de Economía e Planificación Estratégica





# Concello da Coruña

Área / Unidad ACTIVIDAD CORPORATIVA SG1000 PSL	Documento 12318100C0	Certificación. Asunto 10. Aprobación expte. M3/2024, modificación anexo de inverstimentos.
Código de verificación  3V5I 6N4D 4Y2W 0U73 03XS	Expediente 123/2024/8	
	Fecha 10-09-2024	

**Manuel José Díaz Sánchez**, Secretario xeral do Pleno do excelentísimo Concello da Coruña,

**Expediente 36E/2024/16**  
**Aprobación do expediente M3/2024, de modificación do Anexo de investimentos do Orzamento do Concello da Coruña para o ano 2024.**

**CERTIFICO** que o Excmo. Concello Pleno en sesión ordinaria celebrada o día 12 de setembro de 2024 adoptou os seguintes acordos, nos propios termos do ditame da Comisión Informativa e coa motivación *in aliunde* do informe proposta do Servizo, de conformidade co art. 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, co voto a favor dos grupos municipais dos Socialistas de Galicia-PSOE (11 votos) e do Bloque Nacionalista Galego (4 votos) e o voto en contra do Grupo municipal do Partido Popular (12 votos):

1. Aprobar o expediente de modificación do Anexo de Inverstimentos do Orzamento de 2024, incorporando os cambios que figuran no cadro anexo.
2. Facultar á alcaldesa para a adopción dos decretos que sexan necesarios para dar efectividade ao acordado.

E para que así conste, expido e asino este certificado, ao abeiro e coa advertencia

*Manuel José Díaz Sánchez*, Secretario general del Pleno del excelentísimo Ayuntamiento de A Coruña,

**Expediente 36E/2024/16**  
**Aprobación del expediente M3/2024, de modificación del Anexo de inversiones del Presupuesto del Ayuntamiento de A Coruña para el año 2024.**

**CERTIFICO** que el Excmo. Ayuntamiento Pleno, en sesión ordinaria celebrada el día 12 de septiembre de 2024, adoptó los siguientes acuerdos, en los propios términos del dictamen de la Comisión Informativa y con la motivación *“in aliunde”* del informe propuesta del Servicio, de conformidad con el art. 88.6 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, de procedimiento administrativo común de las administraciones públicas, con el voto a favor de los grupos municipales de los Socialistas de Galicia-PSOE (11 votos) y del Bloque Nacionalista Galego (4 votos) y el voto en contra del Grupo municipal del Partido Popular (12 votos):

1. Aprobar el expediente de modificación del Anexo de Inverstimentos del Presupuesto de 2024, incorporando los cambios que figuran en el cuadro anexo.
2. Facultar a la alcaldesa para la adopción de los decretos que sean necesarios para dar efectividad a lo acordado.

*Y para que así conste, expido y firmo este certificado, al amparo y con la salvedad*

prevista no artigo 206 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e a resultas do texto definitivo da acta.

A Coruña, na data da sinatura electrónica.

Vº e Pr  
Alcaldesa  
Inés Rey García

*prevista en el artículo 206 del Real Decreto 2568/1986, de 28 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento de organización, funcionamiento y régimen jurídico de las entidades locales, y a resultas del texto definitivo del acta.*

*A Coruña, en la fecha de la firma electrónica.*

Secretario xeral do Pleno  
Manuel José Díaz Sánchez



## ANEXO

Financiación de los proyectos afectados en el Anexo de Inversiones 2024 definitivamente aprobado:

NUM. ORDEN	GESTOR	APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN DEL GASTO	ANUALIDAD 2024	DENOMINACIÓN DEL PROYECTO	CODIGO PROYECTO	PRÉSTAMO	VENTA DE PATRIMONIO	VINCULACIÓN	EJ ANTERIORES	2025	2026	2027	TOTAL PROYECTO
107	Movilidad y accesibilidad	41.134.60900	Movilidad urbana. OBRAS DE INVERSIONES	5.000.000,00	Plan de accesibilidad y humanización de los barrios	2024 2 41 2	5.000.000,00		CUALITATIVA					5.000.000,00
142	Infraestructuras y equipamientos	41.1539.60907	Vías públicas. INVERSIÓN NUEVA. OBRAS DE URBANIZACIÓN	7.681.659,72	Humanización de los Cantones entre Juana de Vega y Autoridad Portuaria	2024 2 41 23	2.262.605,14	5.419.054,58	CUALITATIVA					7.681.659,72
165	Parques y jardines	41.171.60900	Parques y jardines. INVERSIÓN NUEVA. PROYECTOS DE INVERSIÓN	600.000,00	Plan de mejora del Parque Santa Margarita (2ª fase)	2024 2 41 33	600.000,00		CUALITATIVA					600.000,00
							<b>7.862.605,14</b>	<b>5.419.054,58</b>						

Modificación propuesta en este expediente M3/2024:

NUM. ORDEN	GESTOR	APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN DEL GASTO	ANUALIDAD 2024	DENOMINACIÓN DEL PROYECTO	CODIGO PROYECTO	PRÉSTAMO	VENTA DE PATRIMONIO	VINCULACIÓN	EJ ANTERIORES	2025	2026	2027	TOTAL PROYECTO
107	Movilidad y accesibilidad	41.134.60900	Movilidad urbana. OBRAS DE INVERSIONES	5.000.000,00	Plan de accesibilidad y humanización de los barrios	2024 2 41 2	0,00	5.000.000,00	CUALITATIVA					5.000.000,00
142	Infraestructuras y equipamientos	41.1539.60907	Vías públicas. INVERSIÓN NUEVA. OBRAS DE URBANIZACIÓN	7.681.659,72	Humanización de los Cantones entre Juana de Vega y Autoridad Portuaria	2024 2 41 23	7.681.659,72	0,00	CUALITATIVA		355.925,73			8.037.585,45
165	Parques y jardines	41.171.60900	Parques y jardines. INVERSIÓN NUEVA. PROYECTOS DE INVERSIÓN	600.000,00	Plan de mejora del Parque Santa Margarita (2ª fase)	2024 2 41 33	180.945,42	419.054,58	CUALITATIVA					600.000,00
							<b>7.862.605,14</b>	<b>5.419.054,58</b>						